

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, desenvolvan e consoliden hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, ademais de formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

Neste punto, a finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa, comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, como a favorecer un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico.

O eixe do currículo de Lingua Galega e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuada nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, a interpretación dunha variada tipoloxía de textos e a valoración do patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua brinda a ferramenta e a metalinguaxe necesarias para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de comprensión, expresión e recepción crítica.

O primeiro obxectivo da materia oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono, co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á comprensión, produción e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía que se desenvolven a través das TIC e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral, o cuarto coa comprensión lectora e o quinto coa expresión escrita. O obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo resérvanse para a lectura literaria.

A gradación entre cursos establécese en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido ao estudantado. Por iso, tanto os contidos coma os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en catro bloques:

- 1.«As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co primeiro obxectivo.
- 2.«Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional, vertebrados ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos.
- 3.«Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios e coñecer algunhas obras relevantes da literatura galega e do ámbito lingüístico lusófono, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria.
- 4.«Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, da procura de contraexemplos e do establecemento de xeneralizacións e contraste entre linguas.

Por outra banda, o contexto do centro onde se vai levar a cabo a nosa proposta didáctica xira arredor de varios aspectos:

\*O concello no que se sitúa basea a súa economía no sector servizos xa que é un municipio onde ten moita relevancia o turismo, con destacada presenza de persoas procedentes de Portugal e do centro e sur da Península. Neste sentido convén lembrar a importancia do plurilingüismo na sociedade actual, por iso é tan necesaria a comunicación en varias linguas, ademais do galego, entre elas as linguas máis próximas como o portugués.

\*En canto aos usos lingüísticos das familias, constatamos unha forte presenza de diglosia a favor do castelán, talvez favorecida pola forte presenza do turismo exterior e porque os prexuízos lingüísticos arredor do galego seguen moi presentes.

Como ocorre no resto do país, a menor idade menor utilización da nosa lingua. O uso do galego entre o alumnado do centro é claramente desfavorable. Hai un número moi baixo de galegofalantes habituais.

Atendendo a ese contexto, plantexámonos dende o Departamento:

1. Fomentar o uso da lingua galega como lingua, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos.
2. Mellorar a eficacia comunicativa, comprender e expresarse con corrección.
3. Reforzar o traballo no ámbito sociolingüístico para a superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos

prexuízos asociados, así como da súa consecuencia máis inmediata, o rexeitamento do idioma propio.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	OITO APELIDOS GALEGOS	<p>Nesta unidade veremos os elementos da comunicación, as funcións da linguaxe e continuaremos coas Linguas na Península Ibérica e as variedades xeográficas da lingua, e faremos unha leve referencia aos prexuízos.</p> <p>Na parte de "Comunicación" traballaremos os textos narrativos e os seus elementos e veremos o substantivo.</p> <p>No bloque de reflexión sobre a lingua traballaremos o alfabeto, os dígrafos e a división silábica e faremos un repaso da acentuación.</p>	15	25	X		
2	ESTA MULLER, DE ONDE VÉN SENDO?	<p>Continuaremos co repaso ortográfico centrándonos no estudo do acento diacrítico e no uso das maiúsculas, e dentro do léxico traballaremos os topónimos e xentilicios. No bloque das Linguas e os seus falantes trataremos máis profundamente os prexuízos lingüísticos sobre o galego.</p> <p>Na parte de comunicación analizaremos as características dos textos descritivos. Dentro do bloque de estudo da lingua veremos o adxectivo e faremos un repaso do substantivo.</p>	15	25	X		
3	ROSALÍA E SEGUIDORAS/ES. ATRÉVESTE?	<p>Os textos da vida cotiá (diario, carta, correo, vídeo tik tok...) serán o punto de partida desta unidade que se centrará tamén nas características dos textos orais. No bloque da lingua abordaranse os aspectos socioculturais dos países lusófonos.</p> <p>No bloque de estudo sobre a lingua, a nivel gramatical abordaranse os pronomes persoais, a súa colocación e farase unha referencia ao CD e ao CI. Dentro da literatura, abordaremos o texto poético. Nesta unidade, traballaremos co libro de lectura, onde o alumnado deberá facer algún tipo de proba que demostre a comprensión do libro.</p>	15	22		X	
4	UNHA REPORTAXE PARA ELAS	<p>Nesta unidade, a lingua oral planificada e a creación de contidos relacionados co xornalismo de investigación será a parte principal desta unidade. O xornal, a noticia, a reportaxe e a entrevista serán os contidos traballados nesta unidade para poñela en práctica.</p> <p>Na parte de Linguas farase unha aproximación ás características básicas do</p>	15	23		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	UNHA REPORTAXE PARA ELAS	<p>                     catalán e do éuscaro. No bloque de educación literaria traballaremos máis profundamente os textos poéticos e os recursos literarios máis relevantes. Por último, na parte de reflexión sobre a lingua, o verbo será obxecto de estudo nesta unidade e finalmente faremos un repaso ortográfico.                 </p>	15	23		X	
5	MULLERES DE PELÍCULA. SUPERHEROÍNAS	<p>                     Partiremos da observación da diversidade lingüística da aula para traballar distintos aspectos. No bloque da comunicación poremos o foco na coherencia, cohesión e adecuación, relacionándoas cos rexistros lingüísticos. No bloque 3 relacionaremos textos con manifestacións artísticas (ex.: teatro, cómic). No bloque 4 Revisaremos e ampliaremos o achegamento ao verbo.                 </p>	25	23			X
6	SE BUSCAS E COMPARAS, ENCONTRALA!	<p>                     No bloque 2 ocuparémonos en explorar na biblioteca do centro e en achegarnos á publicidade. Na sección de literatura barallaremos recomendacións de lecturas (tamén algunha lusófono). No bloque relativo á reflexión sobre a lingua poremos o foco na adquisición e formación de palabras, así como nos cambios de significado. Así mesmo afondarán na consulta de manuais.                 </p>	15	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	OITO APELIDOS GALEGOS	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península Ibérica, especialmente algunhas características básicas do portugués, e identifica algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	PE	70
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica e reflexiona sobre os prexuízos e estereotipos lingüísticos arredor da lingua galega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira guiada como mecanismo de corrección e fai algunhas propostas de mellora.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor dos textos escritos e multimodais traballados nesta unidade.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Posúe unha mínima capacidade crítica para valorar a calidade, fiabilidade e idoneidade dos textos.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta as obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos atendendo á configuración do xénero narrativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Exprésase en lingua galega incorporando procedementos básicos para enriquecer os textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Entende a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como a maioría dos seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica básica.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua como o uso das categorías gramaticais básicas (substantivo), sobre todo a partir dos textos narrativos.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende a información máis relevante dos textos orais de diferentes ámbitos tendo en conta a interacción entre os diferentes códigos.	TI	30
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza narracións e exposicións orais partindo dun guion básico sobre temas de interese persoal, social e educativo, con certa fluidez e coherencia adoptando o rexistro axeitado.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de maneira activa e adecuada.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adopta un uso crítico das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, de maneira guiada, reflexionando sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión da información.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información de maneira progresivamente autónoma, (con axuda) adoptando un punto de vista crítico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> </ul>

## Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	ESTA MULLER, DE ONDE VÉN SENDO?	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica os principais prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	PE	70
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor nos textos escritos e multimodais de diferentes ámbitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de diferentes ámbitos que respondan a diferentes ámbitos de lectura.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Exprésaxe en lingua galega con riqueza e precisión léxica (topónimos e xentilicios) mostrando corrección ortográfica e gramatical. Utiliza un vocabulario específico para expresarse con claridade utilizando un rexistro adecuado á situación.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus principais efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe básica.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha narración e unha exposición oral planificada sobre un tema elixido previamente, con fluidez e coherencia, co rexistro adecuado e utilizando eficazmente recursos verbais e non verbais, seguindo un guion determinado.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de maneira activa seguindo as normas de cortesía lingüística.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adopta un uso crítico das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión da información.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Crea textos sinxelos a partir das convencións dos textos descritivos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a interpretación de obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo a configuración do xénero narrativo.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora textos descritivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes, a partir da lectura de fragmentos significativos de diferentes obras en que se empreguen as características propias deste xénero.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información procedente de diferentes fontes, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul>

## Contidos

- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	ROSALÍA E SEGUIDORAS/ES. ATRÉVESTE?	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoo en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península Ibérica, especialmente características básicas do portugués, e identifica algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoo en manifestacións orais e escritas.	PE	70
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de diferentes ámbitos (carta, diario, correo) que respondan a diferentes propósitos de lectura.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción á reflexión interlingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul>

## Contidos

- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Búscase desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave. Fomentarse a correcta expresión oral e escrita en lingua galega.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

LIÑAS DE ACTUACIÓN no proceso de ensino e aprendizaxe:

-Partese do nivel de desenvolvemento do alumnado para ir tecendo a súa aprendizaxe. Para iso, é primordial a detección de carencias, erros e ideas previas como punto de partida no proceso de ensino e aprendizaxe.



-Presentaranse os temas sempre en relación aos intereses e capacidades do alumnado, procurando a motivación. Atenderanse os contidos máis funcionais para a vida, é dicir, aqueles relacionados co uso axeitado da lingua oral e escrita, así como os relacionados coa comprensión, análise e crítica de diversos tipos de texto xerados na nosa vida diaria.

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

-A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

-O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Así pois, ademais das redaccións, a lectura e comprensión de textos, a investigación formará parte do traballo habitual do alumnado.

-O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca. Así pois, coordinarémonos co departamento de Lingua castelá para intentar evitar a superposición de contidos e para un acordo no emprego da terminoloxía lingüística.

-A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquiera as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas e de contextos. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están as dramatizacións e representacións teatrais, a música (poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (audiocontos,...).

-A reflexión sobre os principios democráticos, favorecendo a análise crítica dos conflitos. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Procurárase, pois, a detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua.

-O fomento da lectura, que inclúe a proposta de obras e fragmentos de textos, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Edixgal

Respecto aos medios materiais dos que se dispón, nas aulas o profesorado dispón dun ordenadorl, ademais de pantalla dixital e canón, e o alumnado ten computador persoal. No Departamento e na biblioteca dispoñemos de material bibliográfico e audiovisual, ademais dalgúns xogos educativos para traballar a lingua oral e escrita. Por

último, tamén temos no centro á nosa disposición alomenos un xornal e algunha revista en galego ao longo do curso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O obxectivo da avaliación inicial é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado. Esta levarase a cabo nas primeiras semanas do curso.

Para realizar a avaliación inicial teremos en conta, ademais dos instrumentos específicos da nosa materia como pode ser unha proba inicial, a información achegada dende o Departamento de Orientación, a que contén o expediente académico do alumnado no Xade, así como os informes do titor e do profesorado do curso anterior. Todo co fin de adaptar o proceso de ensinanza e axustar a programación ao nivel inicial no que comeza o noso alumnado, para a partir de aí ir tecendo a súa aprendizaxe.

Isto proporcionaranos un coñecemento personalizado do alumnado (actitude de cara a materia, as súas capacidades e coñecementos) e da súa situación emocional, co fin de tomar as decisións de índole educativo que correspondan. Estas serán comunicadas aos pais ou responsables legais do alumnado por parte do/a docente directamente ou a través da persoa titora. Entre estas medidas adoptadas na aula están por exemplo o reforzo educativo de aula ou as ACS.

Os instrumentos para realizar a avaliación inicial na nosa materia son:

- Unha proba escrita e/ou actividades propostas na clase.
- A observación, o diálogo e o intercambio constante entre profesor e alumno.
- Unha enquisa ao alumnado de carácter persoal para coñecer aspectos relacionados cos hábitos de traballo e o grao de interese e implicación respecto á lingua e á cultura galega.

Igualmente contemplaremos outros momentos de avaliación inicial: no comezo dunha unidade didáctica, dun tema.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta etapa obrigatoria ten carácter continuo, formativo, personalizado e integrador. Perséguese unha evolución do alumno tanto a nivel de coñecemento e dominio dos contidos da área, como do emprego desta materia no aumento do dominio das competencias básicas que permitan unha madurez persoal.

Para a nota trimestral teránse en conta os instrumentos empregados:

- Probas escritas (en todas as unidades): 70% (contidos lingüístico-gramaticais e literarios) .

- Táboas de indicadores (en todas as unidades): 30% que categorizamos da seguinte maneira:

- 20% inclúen diferentes procedementos:

- Libro de lectura. Cada alumno/a lerá tres libros como mínimo ata final de curso e terá que demostrar que comprendeu o seu contido. Ademais, poderán ler algún outro libro optativo dunha selección feita polos profesores/as do departamento, que suporá un incremento máximo de 0,25 na nota do dito apartado, sen chegar a superar o máximo fixado do 10%.

- Proba oral.

- Traballos (comprensión, redacción, comentario,...).

- 10% (en todas as UD): traballo(s) (de creación, investigación,...), caderno de clase, actitude e participación do alumnado (sobre todo no que se refire a competencia persoal, social e de aprender a aprender) .

Descontarase por cada erro morfolóxico, ortográfico, sintáctico e erros de coherencia e cohesión 0,05 puntos. A presentación pouco coidadosa (sen marxes, sen sangría, con múltiples tachóns e borróns) tamén será penalizada. O alumnado con máis de 20 faltas poderá ter que realizar un traballo de autocorrección lingüística.

A copia nunha proba (escrita ou oral) e/ou traballo por parte do alumno/a considérase unha práctica fraudulenta e polo tanto terá a cualificación de CERO puntos.

Cualificaremos, ademais da competencia lingüística, todas as demais competencias (competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría; competencia dixital; persoal, social e de aprender a aprender; competencia cidadá; competencia emprendedora e en conciencia e expresión culturais de aprender a aprender).

En caso de que o traballo(s) sexa entregado fóra de tempo, non acade a extensión mínima esixida ou a letra sexa ilexible, o traballo non será corrixido e non se terá en conta na nota, perdendo o/a alumno/a a parte da puntuación correspondente a ese traballo. Tampouco obterá unha cualificación positiva o traballo no caso de plaxio ou da utilización de programas de IA.

Para superar a materia, hai que ter en conta, ademais, as seguintes cuestións:

É imprescindible empregar a lingua galega na aula, tanto co profesor/a como cos compañeiros/as (tal como se establece no art. 12 do Decreto 79/2010, do 20 de maio). Para aprobar a materia hai que ter na media ponderada final como mínimo un 5 (con nota inferior a 5 non se supera a materia) .

No caso de que o alumno ou alumna se ausente, de forma xustificada, por un período prolongado e coincidente ou moi próximo as datas da avaliación, o alumnado será avaliado dos contidos que se impartiron ata que se produciu a ausencia. Avaliarase dos contidos pendentes nas datas de recuperación .

Cualificación da oralidade.

Levaranse a cabo diferentes procedementos como o diálogo, as intervencións orais na aula e unha proba oral para coñecer a competencia lingüística oral do alumno/a.

Como se dixo anteriormente, é imprescindible empregar a lingua galega na aula, tanto co profesor/a como cos compañeiros/as.

En xuño, na avaliación ordinaria, a cualificación final será o resultado de calcular a media ponderada das tres avaliacións (unha vez feitas as probas de recuperación en caso de que a media final fose inferior a 5), computando a 1ª avaliación o 30% da nota do curso, a 2ª avaliación o 30% e a 3ª avaliación o 40% da nota do curso. Para calcular a media ponderada teranse en conta as notas numéricas reais das tres avaliacións.

#### **Criterios de recuperación:**

Seguindo o principio de avaliación continua, tanto nas probas ordinarias como nas de recuperación realizadas ao longo do curso pódense incluír contidos impartidos en trimestres anteriores,, se así o considera necesario o/a profesor/a. Despois de cada trimestre e a comezos do seguinte, o alumnado cunha cualificación negativa (inferior a 5 puntos) en cada unha das avaliacións poderá recuperar a materia e os apartados non superados de cada un dos trimestres. As probas de recuperación dos contidos e apartados do terceiro trimestre terán lugar nas últimas semanas do curso para aquel alumnado que non obtivese ata a data da recuperación unha nota igual ou superior a 5 na nota global do trimestre. Para calcular a media ponderada da avaliación final de xuño utilizarase a nota de maior valor de cada trimestre unha vez realizadas as recuperacións dos tres trimestres.

#### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar, onde se especifica o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

Para a recuperación das materias pendentes teranse en conta que a falta de presencialidade obriga a establecer mecanismos de seguimento particulares .

Durante o curso escolar levaranse a cabo traballo(s) (diarios de lectura, traballos de investigación,...) e/ou boletíns de actividades para superar a materia nos dous

primeiros trimestres. Estes computan o 60% na media ponderada da avaliación final. No último trimestre realizarase unha proba escrita, que computa o 40% na media ponderada da avaliación final .

Aquel alumnado que obtivese un aprobado (nota igual ou superior a 5) na media ponderada final das 3 avaliacións terá aprobada a materia pendente.

No caso de realizar un traballo ou actividades de repaso, estes deben ter unha presentación aceptable. Non se corruxirán se están en malas condicións e cunha presentación pésima (rotos, dobrados, sucios,...). En caso de ser respostas a preguntas formuladas polo/a profesor/a deberán contestarse en folios e non nos propios exercicios, se hai que redactar. No caso de non entregar o traballo ou as actividades nas datas sinaladas polo Departamento e non ter unha causa xustificada segundo a valoración dos integrantes do Departamento, a cualificación destes será de cero. Tamén se cualificará cun cero os traballos copiados e/ou plaxiados, ou nos que se utilicen programas de IA.

No último trimestre incluíranse probas e/ou traballos para recuperar a materia para aquel alumnado que non obtivese un aprobado (nota igual ou superior a 5) na media ponderada final dos 3 trimestres no momento da realización das recuperacións.

Periodicamente faranse reunións co alumnado para tratar cuestións relacionadas cos exames ou os traballos.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. En todo caso, para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar, onde se especifica o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

Para a recuperación das materias pendentes teranse en conta que a falta de presencialidade obriga a establecer mecanismos de seguimento particulares .

Durante o curso escolar levaranse a cabo traballo(s) (diarios de lectura, traballos de investigación,...) e/ou boletíns de actividades para superar a materia nos dous primeiros trimestres. Estes computan o 60% na media ponderada da avaliación final.

No último trimestre realizarase unha proba escrita, que computa o 40% na media ponderada da avaliación final .

Aquel alumnado que obtivese un aprobado (nota igual ou superior a 5) na media ponderada final das 3 avaliacións terá aprobada a materia pendente.

No caso de realizar un traballo ou actividades de repaso, estes deben ter unha

presentación aceptable. Non se corrixirán se están en malas condicións e cunha presentación pésima (rotos, dobrados, sucios,...). En caso de ser respostas a preguntas formuladas polo/a profesor/a deberán contestarse en folios e non nos propios exercicios, se hai que redactar. No caso de non entregar o traballo ou as actividades nas datas sinaladas polo Departamento e non ter unha causa xustificada segundo a valoración dos integrantes do Departamento, a cualificación destes será de cero. Tamén se cualificará cun cero os traballos copiados e/ou plaxiados, ou nos que se utilicen programas de IA.

No último trimestre incluíranse probas ou traballos para recuperar a materia para aquel alumnado que non obtivese un aprobado (nota igual ou superior a 5) na media ponderada final dos 3 trimestres no momento da realización das recuperacións.

Periodicamente a Xefa de Departamento reunirse co alumnado para tratar cuestións relacionadas cos exames ou os traballos.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso decidirán sobre a súa avaliación nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Finalmente, considerando a natureza de avaliación continúa da materia de Lingua galega, os alumnos/as que, aínda que non acadaran os obxectivos propostos nas materias de Lingua Galega do curso anterior, consigan unha cualificación positiva na avaliación ordinaria do presente curso escolar, daráselles por aprobada a materia pendente.

Os profesores tutores e as familias recibirán información destas medidas en soporte papel e /ou a través de distintos medios dixitais e da páxina web do instituto.

En 1º e 2º da ESO descontarase por cada erro morfolóxico, ortográfico, sintáctico e erros de coherencia e cohesión 0,05 puntos. A presentación pouco coidadosa (sen marxes, sen sangría, con múltiples tachóns e borróns,...) penalizarase con 0,25. A copia nunha proba escrita por parte do alumno/a considérase unha práctica fraudulenta e polo tanto terá a cualificación de CERO puntos nesa proba.

Finalmente, considerando a natureza de avaliación continúa da materia de Lingua galega, os alumnos/as que, aínda que non acadaran os obxectivos propostos nas materias de Lingua Galega do curso anterior, consigan unha cualificación positiva na avaliación ordinaria do presente curso escolar, daráselles por aprobada a materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas adoptadas responden ás necesidades educativas dos/as alumnos/as, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Estas estarán orientadas a permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.

As necesidades determinaranse a través da avaliación inicial que se realizará no comezo de curso ou no momento de incorporación ao sistema educativo, tras observar o progreso individual do alumnado durante as primeiras semanas de clase. Tentaremos detectar os posibles casos en que se necesite de apoio ou de compensación educativa. Se ten desfase curricular ou descoñece a lingua, seguirá un programa específico personalizado, ademais de incorporarse ás medidas de atención á diversidade deseñadas para cada curso.

Entre as medidas de atención á diversidade que se poden levar a cabo dentro da aula estableceremos as seguintes:

- Emprego de tempos diferenciados e máis flexibles para a realización das tarefas.
- Uso de materiais de apoio e recursos didácticos máis motivadores.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e aprendizaxe entre iguais.
- Adaptación dos materiais didácticos e os instrumentos de avaliación.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferentes, asegurándose da súa comprensión e execución e supervisándoas.
- Situar o/a alumno/a no lugar máis favorable para facilitar o seu traballo nas mellores condicións.
- Cando se use a forma escrita para avaliar podéanse considerar aspectos como: Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo; evitar preguntas que requiran unha resposta moi elaborada; segmentar as actividades longas e limitar o número destas; en determinados casos ser tolerantes cos posibles erros ortográficos e/ou permitir que expliquen oralmente o que escribiron ou querían escribir, ademais de que pode haber a posibilidade de pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura deste tipo de alumnado.
- Programación de medidas de reforzo, co apoio na aula do profesor de Pedagogía Terapéutica.

Os alumnos que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación contarán cunha adaptación curricular individualizada elaborada polo profesor da materia do grupo de referencia do alumno, que se incorpora á programación anual dos Departamentos de Lingua Galega e Literatura e do Departamento de Orientación.

Buscaranse actividades complementarias para o alumnado que presenten un ritmo de aprendizaxe máis aventaxado ou sexan de altas capacidades.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X
ET.4 - Competencia dixital			X	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial					X	X
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico		X	X		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade					X	X

### Observacións:

Os elementos transversais estarán presentes na nosa materia do seguinte xeito:

Traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita pois dentro da dinámica das sesións de clase, procuraremos que todo o alumnado lea para mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita. Tamén incluiremos unha obra de lectura obrigatoria en cada un dos trimestres. Tamén se deseñarán traballos e concursos para desenvolver as destrezas e as técnicas de expresión escrita.

A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación empregando todos os recursos que nos ofrece a rede, o emprego de plataformas dixitais para a busca e intercambio de información. Tamén o uso de aplicacións para a creación de contidos e traballos multimedia.

O emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico farase a partir dos traballos de investigación e exposicións, de forma individual ou en grupos cooperativos, amosando empatía, perseveranza e flexibilidade.

A educación emocional e en valores e a igualdade de xénero traballarase constantemente abordando temas como a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato, incidindo na prevención dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Tamén fomentaremos no noso alumnado a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, o respecto aos dereitos humanos e ás persoas con discapacidade.

Por último, a creatividade, está presente en moitas das unidades pois o alumnado participa de iniciativas culturais e artísticas que se fomentan e deseñan tanto no propio centro (EDL e Biblioteca) como de organismos e asociacións externas.



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha obra teatral	O alumnado poderá asistir a unha obra teatral dentro das diferentes programacións culturais.		X	
Charlas e obradoiros literarios	Ao longo do ano programaranse encontros, charlas e obradoiros para así aprofundar no proceso literario e na súa comprensión.	X	X	
Visita á casa museo Rosalía de castro.	Visita á casa museo Rosalía de Castro e realización dun roteiro literario pola contorna da vila.			X
Semana Cultural 2024	Participación en actividades e propostas dende o departamento para a Semana cultural a finais de marzo. na		X	
XVIII Certame literario IES Sanxenxo	Participación activa no certame literario de todos os centros de ensino do concello.			X
Actividades en colaboración co equipo de biblioteca e o EDL.	Participación no concurso de podcast, bookface, videopoemas ou calquera outra proposta realizada pola biblioteca do centro ou o EDL.	X	X	X

### Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares quedan abertas a novas posibilidades e ofertas. Ao longo dos trimestres iranse concretando as actividades que se levarán a cabo. A realización destas actividades dependerá tanto do desenvolvemento da programación e da propia organización das actividades do centro, como da cantidade do alumnado participante.

As distintas actividades a levar a cabo, en moitas ocasións teñen lugar en colaboración con outros departamentos, como EDL e a Biblioteca ou con organismos e asociacións que axudan a integrar o proxecto educativo dentro da comunidade á que pertence o centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación e desenvolvemento da progra didáctica
Seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe
Metodoloxía empregada
Metodoloxía, procedementos e instrumentos.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Avaliación do proceso.

**Descrición:**

Adecuación da progra didáctica e da ----- Planificación e desenvolvemento da progra didáctica

Metodoloxía empregada -Metodoloxía, procedementos e instrumentos.

Adecuación da progra didáctica e da --- Seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe

Medidas de atención á diversidade - Atención á diversidade.

Clima de traballo na aula - Avaliación do proceso.

É importante que en todo proceso de ensino e aprendizaxe facer unha avaliación deste,da programación didáctica e da práctica docente. Para iso utilizaranse unha serie de indicadores de logro.seguindo unha escala e os resultados deben estar incluídos na memoria final do curso.

Esta avaliación pode, se fose necesario, supoñer modificacións na programación para os seguintes cursos educativos.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

No principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nos informes trimestrais do departamento incluírase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos pro-gramados e se a temporalización é a adecuada. De non ser así, analizaranse as causas e faranse as correccións pertinentes.

Tamén cada trimestre, despois de coñecermos os resultados e as cualificacións do alumnado, farase unha valoración do desenvolvemento da programación e planificaranse as acción educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender fundamentalmente aos aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Revisarase se a metodoloxía é eficaz para acadar os obxectivos e se nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados é necesario introducir algunha modificación. Teremos tamén en conta se as medidas e as actividades de reforzo adoptadas para atender a diversidade son as adecuadas.

Ao final de curso, avaliaremos a programación didáctica. Para esta avaliación teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia programación, valorando os resultados das avalia-cións finais ordinarias do alumnado. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso.

O resultado desta avaliación reflectirase na memoria final de curso do Departamento.

Para a avaliación da PD distinguiremos varios ámbitos:

-Planificación da Programación didáctica.

-Avaliación do proceso

**9. Outros apartados**